

## **PROXECTO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

Os postos de traballo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade están integrados nos instrumentos técnicos aprobados a proposta das consellerías que tiñan competencias na materia nas datas da súa aprobación:

En materia de emprego, na Relación de Postos de Traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xullo de 2018 (DOG núm. 136, do 17.07.2018); modificada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 7 de novembro de 2019 (DOG núm. 219, do 18.11.2019).

En materia de igualdade, na Relación de Postos de Traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 22 de novembro de 2018 (DOG núm. 225, do 26.11.2018); modificada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de decembro de 2018 (DOG núm. 3 do 04.01.2019).

Sucesivos cambios organizativos determinaron posteriores modificacións:

- Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021 referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma (DOG núm. 120, do 25.06.2021).

- Acordo do Consello da Xunta do 29 de xullo de 2021 polo que se aproba a modificación da Relación de postos de traballo da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 58, do 18.08.2021).

- Acordo do Consello da Xunta do 2 de decembro de 2021 polo que se aproba a modificación da Relación de postos de traballo da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 235, do 09.12.2021).

- Acordo do Consello da Xunta do 17 de febreiro de 2022 referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo da Administración especial da Comunidade Autónoma (DOG núm. 36, do 22.02.2022; corrección de erros DOG núm.53, do 17.03.2022).

Se ben a consellería contempla a elaboración dun novo instrumento técnico que inclúa todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes no seu ámbito competencial, considera oportuno propoñer unha modificación parcial que trae causa de:

1. A necesidade de adaptar a Relación de Postos de Traballo á estrutura organizativa da Consellería aprobada polo Decreto 123/2022, do 23 de xuño.



2. A necesidade de reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia de forma permanente na área da orientación laboral. A actual conxuntura de crise económica aconsella non demorar a creación de postos especializados cuxo desempeño contribuirá sen dúbida a adecuar a demanda á oferta nos distintos eidos laborais e conseguintemente a mellorar as taxas de emprego.

Por razóns sistemáticas, tanto a xustificación funcional como a económica desenvólvese de forma separada en función do obxectivo da modificación.

## I. XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

### I.1. ADAPTACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO Á ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, APROBADA POLO DECRETO 123/2022, DO 23 DE XUÑO

No Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 24 do 16.05.2022), modificouse a denominación da extinta Consellería de Emprego e Igualdade que pasou a denominarse Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. A estrutura orgánica da Xunta desenvolveuse polo Decreto 73/2022, do 25 de maio, no que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm.101 do 27.05.2022) e no que se determina o nivel organizativo dos órganos superiores e de dirección e das diversas entidades do sector público adscritas á consellería.

Consonte o anterior decreto son órganos superiores e de dirección: a Secretaría Xeral Técnica, a Secretaría Xeral da Igualdade, a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación e quedan adscritos o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Os cambios máis significativos son os que resultan da configuración como órgano superior da extinta Dirección Xeral de Emprego, Traballo autónomo e Economía Social, que pasa a ser Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo autónomo e Economía Social, e da que se fai depender un novo centro directivo, a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, órgano que asumirá competencias de apoio ao emprendemento en todas as súas fases, que con anterioridade ao Decreto 73/2022 eran desenvolvidas polo Instituto Galego de Promoción Económica.

A estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade desenvolveuse polo Decreto 123/2022, do 23 de xuño (DOG núm.130, do



08.07.2022) que derroga o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, modificado polo Decreto 11/2021, do 22 de xullo.

As novidades da actual regulación quedan limitadas aos seguintes órganos e unidades:

- **Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social** que se estrutura en:

1. Subdirección Xeral de Emprego. Sen variación na súa composición e competencias respecto a regulación no Decreto 215/2020.
2. Subdirección Xeral de Economía Social. Sen variación na súa composición e competencias respecto a regulación no Decreto 215/2020.
3. Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, de nova creación.

Estruturase en:

- 3.1 Subdirección xeral de Coordinación de Programas e Apoio ao Emprego, creada polo Decreto 111/2021 modifícase agora a súa denominación. Dótase cun Servizo de Programas de Apoio ao Emprego de nova creación.
- 3.2. Subdirección Xeral de Emprendemento, de nova creación. Dótase cun Servizo de Fomento do Emprendemento, tamén de nova creación.
- 3.3 Servizo de Verificación de Fondos. Ata o Decreto 123/2022 dependía, directamente, da persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais. Non se modifican as competencias do servizo.

- **Dirección Xeral de Relacións Laborais.** O Servizo de Verificación de Fondos, con funcións máis propias da Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, queda adscrito, como xa se indicou, á nova dirección xeral. Polo demais, esta dirección xeral mantén o resto da estrutura e das competencias que tiña atribuídas polo Decreto 215/2020.

- **Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.** Modifica a súa denominación e a dalgunha das súas unidades, e engade un servizo á súa estrutura:

1. Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia, antes de Colocación. Sen variación na súa composición e competencias respecto a regulación no Decreto 215/2020.
2. Subdirección Xeral de Formación para o Emprego. Sen variación na súa composición e competencias respecto á regulación no Decreto 215/2020.
3. Subdirección Xeral das Cualificacións e Capacidades para o Emprego, antes das Cualificacións. Sen variación na súa composición e competencias respecto á regulación no Decreto 215/2020. O servizo adscrito muda tamén unicamente a súa denominación a Servizo de Acreditación das Cualificacións e Fomento das Capacidades para adecuala á da Subdirección da que depende.



4. Servizo do observatorio de Prospectiva do mercado de Traballo, antes Servizo do de Observatorio de Emprego, sen máis variación que a súa denominación.

5. Servizo de Coordinación de Xestión de Programas e Fondos, de nova creación.

- **Xefaturas Territoriais.** Modifícase a denominación de dous dos seus tres servizos, para adecuala á nova estrutura dos órganos directivos centrais dos que dependen funcionalmente.

Os anteriores cambio reflíctense do seguinte xeito na Relación de Postos de Traballo:

## I.1.1 CREACIÓN DE POSTOS

### SERVIZOS CENTRAIS

#### DIRECCIÓN XERAL DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO

##### 1. Secretario/a do/a director/a

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo/ Esc	Adscr	Form. Especif
EM.402.00.000.15770.001	18	LD	7.201,18 €	C1-C2	XERAL	A11	640

Créase o posto de secretario/a do/a director/a xeral, directamente dependente da persoa titular do órgano introducido polo artigo 28.3 do Decreto 123/2022.

A provisión do posto polo sistema de libre designación non precisa xustificación toda vez que é a forma de provisión ordinaria das secretarías dos altos cargos segundo o artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

##### 2. Xefatura de Servizo de Programas de Apoio ao Emprego

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo/ Esc	Adscr	Form. Especif
EM.402.00.000.15770.012	28A	CE	17.849,30	A1-A2	XERAL	AXG	



Créase o posto de Xefatura de Servizo de Programas de Apoio ao Emprego, directamente dependente da Subdirección Xeral de Coordinación de Programas e Apoio ao Emprego para dar cumprimento á previsión contida no artigo 28.3.1.1 do Decreto 123/2022.

### 3. Subdirector/a Xeral de Emprendemento

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrup	Corpo/ Esc	Adscr	Form. Espec.
EM.402.00.000.15770.020	30	LD	23.486,68 €	A1	XERAL/ ESPECIAL	A11	

Créase o posto de Subdirector/a Xeral de Emprendemento, directamente dependente da persoa titular da Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, para dar cumprimento a previsión contida no artigo 28.3.2 do Decreto 123/2022.

A provisión do posto polo sistema de libre designación non precisa xustificación toda vez que é a forma de provisión ordinaria das subdireccións xerais segundo o artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Resulta de vital importancia contar con perfís multidisciplinares que abrangan as tendencias do mercado laboral e global sinaladas, no marco das funcións descritas no artigo 39 do Decreto 123/2022; para o que cómpre que podan concorrer a súa cobertura persoal funcionario do grupo A1, de calquera corpo ou escala, sen limitacións, a fin de poder garantir esa cobertura, e dispoñer dos mellores profesionais, capaces de dar resposta aos obxectivos que persegue o emprendemento que non son outros que a xeración e mantemento de emprego estable.

### 4. Xefatura de Servizo de Fomento do Emprendemento

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo /Esc	Adscr	Form. Espec.
EM.402.00.000.15770.022	28A	CE	17.849,30 €	A1-A2	XERAL	AXG	

Créase o posto de Xefatura de Servizo de Fomento de Emprego, directamente dependente da persoa titular da Subdirección Xeral de Emprendemento, para dar cumprimento a previsión contida no artigo 28.3.2.1 do Decreto 123/2022.



## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN

### **5. Xefatura de Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos**

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo /Esc	Adscr	Área Func.
EM.601.00.000.15770.060	28A	CE	17.849,30 €	A1-A2	XERAL	AXG	ECO

Créase o posto de Xefatura de Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos, directamente dependente da persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, para dar cumprimento a previsión contida no artigo 49.5 do Decreto 123/2022.

As funcións atribuídas a este servizo segundo o artigo 60 do Decreto 123/2022 son:

- a) Coordinación e xestión dos procedementos de disposición de recursos de natureza económica da dirección xeral.
- b) Preparación do anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento da dirección xeral.
- c) A coordinación da xestión económica e da contratación administrativa competencia da dirección xeral.
- d) A xestión e control de fondos finalistas e fondos europeos, así como a elaboración das propostas necesarias para a tramitación dos expedientes correspondentes e as súas modificacións.

As ditas funcións corresponden a área funcional económico-orzamentaria prevista no apartado i) do punto II da Orde da extinta Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir (DOG núm. 232 do 04.12.1998), modificada pola Orde da Consellería de Facenda do 10 de maio de 2017 (DOG núm. 90, do 11.05.2017).

### **I.1.2 MODIFICACIÓN DE POSTOS**

As modificacións propostas limitáanse ás necesarias para adaptar a RPT ao Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, ao Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia



e ao Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:

- Centros xestores de destinos. Créanse dous novos centros xestores e modifícase a denominación dun centro xestor para adecuar a RPT ao Decreto 73/2022: Créanse a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social e a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego e modifícase a denominación da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

- Código de posto. Os postos que se adscriben aos novos centro xestores de destino polo Decreto 123/2022, do 23 de xuño mudan os díxitos correspondentes ao centro directivo.

- Denominación de posto. Modifícanse as seguintes denominacións:

O posto de secretario/a da persoa titular da extinta Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, queda adscrito á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, polo que procede a adaptación a súa denominación á do órgano ao que serve.

As tres subdireccións xerais e as dez xefaturas de servizo adscritas á Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación e ás catro xefaturas territoriais cambian de denominación polo Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que procede a adaptación dos correspondente postos na RPT.

Figura a continuación o cadro de equivalencias dos postos modificados:

## SERVIZOS CENTRAIS

SECRETARÍA XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL			
Códigos	Denomin. vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
Vixente: EM.C05.00001.15770.001 Novo: EM.401.00000.15770.001	Secretario/a do director/a xeral	Secretario/a do/a secretario/a xeral	Código e denominación



DIRECCIÓN XERAL DE EMPRENDAMENTO E APOIO AO EMPREGO			
Códigos	Denomin. vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
Vixente:EM.C05.00002.15770.001 Novo: EM.402.000001.5770.010	Subdirección Xeral de Coordinación de Programas	Subdirección Xeral de Coordinación de Programas e Apoio ao Emprego	Código e denominación
Vixente:EM.C04.00000.15770.080 Novo: EM.402.00000.15770.030	Xef. Servizo de Verificación de fondos		Código

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN			
Código	Denomin. vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
Vixente: EM.C06.00.002.15770.005 Novo: EM.601.00001.15770.001	S. Xeral de Colocación	Subdirección Xeral do SPEG	Código e denominación
Vixente:EI.502.00.003.15770.001 Novo: EM.601.00.004.15770.001	S.X das Cualificacións	S.X das Cualificacións e Capacidades para o Emprego	Código e denominación
Vixente EI.502.00.003.15770.020 Novo: EM.601.00.004.15770.019	Xef. Servizo de acreditación das cualificacións	Xef. Serv. de Acreditación das Cualificacións e Fomento das capacidades	Código e denominación
VixenteEM.C06.00000.15770.005 Novo: EM.601.00000.15770.005	Xef. Servizo de Observatorio de Emprego	Xef. Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo	Código e denominación

## ÓRGANOS TERRITORIAIS

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA			
Código	Denominación vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
EMC991000015001020	Xefat. Servizo de Emprego e Economía Social	Xefat. Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social	Denominación
EMC991000015001030	Xefat. Servizo de Formación e Colocación	Xefat. Servizo de Formación para o Emprego e Orientación	Denominación





XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO			
Código	Denominación vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
EM.C99.10.000.27001.020	Xefat. Servizo de Emprego e Economía Social	Xefat. Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social	Denominación
EM.C99.10.000.27001.030	Xefat. Servizo de Formación e Colocación	Xefat. Servizo de Formación para o Emprego e Orientación	Denominación

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE			
Código	Denominación vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
EM.C99.10.000.32001.102	Xefat. Servizo de Emprego e Economía Social	Xefat. Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social	Denominación
EM.C99.10.000.32001.103	Xefat. Servizo de Formación e Colocación	Xefat. Servizo de Formación para o Emprego e Orientación	Denominación

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA (VIGO)			
Código	Denominación vixente	Denomin. proposta	Tipo de modificación.
EM.C99.10.000.36560.020	Xefat. Servizo de Emprego e Economía Social	Xefat. Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social	Denominación
EM.C99.10.000.36560.030	Xefat. Servizo de Formación e Colocación	Xefat. Servizo de Formación para o Emprego e Orientación	Denominación

### I.1.3 AMORTIZACIÓN DE POSTOS

A) Postos sen dotación orzamentaria. Amortízanse os postos que a seguir se relacionan e que carecen de dotación nos orzamentos vixentes.

A.1. Os créditos correspondentes aos seguintes postos foron destinados a financiar o Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos da Dirección Xeral Formación para o Emprego e Orientación, creado polo Decreto 123/2022.



Código	Denominación	Centro directivo	Subgrupo	Nivel
EI.502.00.003.15770.101	Posto base A1	Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación	A1	20
EI.502.00.000.15770.033	Posto base C2	Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación	C2	12

O posto base A1 non está ocupado pois a persoa funcionaria titular está adscrita en comisión de servizos a outro posto na mesma localidade. O posto base C2 atópase vacante e sen ocupación.

Non se considera necesario manter ningún dos dous na RPT xa que as funcións que terían que realizar poden ser asumidas sen dificultade polo resto do persoal do centro directivo ao que pertencen .

A.2. Os créditos correspondentes aos seguintes postos foron destinados a financiar a estrutura orgánica creada polo Decreto 215/2020.

Non se amortizaron na anterior modificación da Relación de Postos de Traballo operada por acordo do Consello da Xunta do 29 de xullo de 2021 (DOG do 18.08.2021) por atoparse incursos no concurso ordinario de traslados F02019 convocado por Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 25 de novembro de 2019 (DOG núm. 226 do 27.11.2019) que se atopaba pendente de resolución

Os informes da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de data 03.12.2020 emitidos no procedemento de aprobación do decreto 215/2020 condicionaron a amortización dos ditos postos a que continuaran vacantes trala súa resolución.

Resolto o concurso por Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 15 de febreiro de 2022 (DOG nº 34, do 18 de febreiro) non foron adxudicados e, conseguintemente, se amortizan os seguintes postos:

Código	Denominación	Centro directivo	Subgrupo	Nivel
EI.C99.20.901.27060.003	Axudante de admón .	Xefatura Territorial de Lugo Oficina de Emprego de Becerreá	C1-C2	16
EI.C99.20.901.32620.005	Axudante de admón .	Xefatura Territorial de Ourense Oficina de Emprego de Pobra de Trives	C1-C2	16
EI.C99.20.901.32850.005	Axudante de admón .	Xefatura Territorial de Lugo Oficina de Emprego de Viana do Bolo	C1-C2	16



Estes tres postos de axudante de Administración, sen dotación desde que se aprobou o Decreto de estrutura orgánica de creación da Consellería no ano 2020, non se consideran necesarios para o funcionamento das unidades respectivas, tal e como quedou acreditado na experiencia tida durante este tempo.

B) Postos con dotación orzamentaria. Amortízanse os postos que a seguir se relacionan con dotación nos orzamentos vixentes.

As súas dotación substituirán os créditos computados para financiar a estrutura creada polo Decreto 215/2020, que procedían de postos ofertados no concurso F02019 e que foron adxudicados á súa resolución no ano 2022.

### Postos propostos para amortización adxudicados no concurso F02019

Código	Denominación	Centro directivo	Subgrupo	Nivel
EI.C99.10.000.15001.009	Posto Base A1	Xefatura Territorial da Coruña	A1	20
EI.C99.20.901.36540.005	Axudante de admón.	Xefatura Territorial de Pontevedra Oficina de Emprego de Tui	C1-C2	16
EI.C99.20.901.36590.010	Axudante de admón.	Xefatura Territorial de Pontevedra Oficina de Emprego de Vilagarcía de Arousa	C1-C2	16

### Postos que substitúen os postos adxudicados no concurso F02019

Código	Denominación	Centro directivo	Subgrupo	Nivel
EI.C99.20.901.15110.011	Posto Base A1	Xefatura Territorial da Coruña Oficina de Emprego de Boiro	A1	20
EI.C99.10.000.36560.524	Titulado/a superior de formación ocupacional	Xefatura Territorial de Pontevedra	I-31	
EI.C99.10.000.36560.552	Auxiliar de formación ocupacional	Xefatura Territorial de Pontevedra	IV-30	

Estes postos atópanse vacantes e poden ser amortizados en substitución dos que, como se expuxo, foron ocupados no concurso F02191 e cuxas dotacións foron computadas para financiar a estrutura creada polo Decreto 2015/2020. De acordo coa proposta dos centro directivos aos que se adscriben, as súas funcións poden ser asumidas polo restante persoal da correspondente unidade sen menoscabo do servizo prestado.



## **I.2. CREACIÓN POSTOS CON FUNCIONS DE ORIENTACIÓN LABORAL DESTINADOS A SER PROVISTOS POR PERSOAL DAS ESCALAS SUPERIOR E TÉCNICA DE ORIENTACIÓN LABORAL.**

O artigo 7 do Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Empleo inclúe a orientación profesional como un dos servizos que debe prestar o servizo público de emprego.

O artigo 8 do mesmo texto legal define o servizo de orientación profesional e enumera as funcións que debe desenvolver este servizo.

O servizo de orientación profesional é un servizo integral que ten por obxecto a información, o diagnóstico da situación individual, o asesoramento, a motivación e acompañamento nas transicións laborais, ben desde a educación ao mundo laboral ou entre as diversas situacións de emprego e desemprego que poden darse ao longo da vida laboral.

O servizo de orientación ten por finalidade axudar aos usuarios a mellorar a súa empregabilidade, promover a súa carreira profesional e facilitar a súa contratación ou orientar para o autoemprego. Así mesmo, e a partir da diagnose das súas necesidades, a orientación poderá dar lugar á prestación doutros servizos especializados da carteira.

O servizo de orientación comprende as seguintes actividades:

- a) Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil.
- b) Deseño do itinerario personalizado para o emprego.
- c) Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade.
- d) Asesoramento e axuda técnica adicional para:
  - 1 A definición do seu currículo
  - 2 A aplicación de técnicas para a busca activa de emprego.
- e) Información e asesoramento adicional sobre:
  - 1 A situación do mercado de traballo, das políticas activas de emprego e oferta dos servizos comúns e complementarios da carteira.
  - 2 A oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e cualificación europeas.
- f) Apoio á xestión da mobilidade laboral.

Para dar cumprimento ás obrigas legalmente impostas, o Servizo Público de Emprego de Galicia conta cunha rede de empregados públicos nas oficinas de emprego dedicadas a prestar estes servizos. Non obstante é necesario mellorar as ratios de persoal orientador por número de persoas demandantes de emprego .



Con tal finalidade o Sistema Nacional de Emprego aprobara mediante Acordo do Consello de ministros do 7 de decembro de 2018 o *Plan de Choque por el Empleo Joven 2019-2021* creando con vocación de permanencia unha rede de 3.000 persoas técnicas responsables da orientación e prospección laboral para o reforzo dos Servizos Públicos de Emprego.

Posteriormente, o Plan Reincorpora-T 2019-2021, aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros do 5 de abril de 2019, fixo extensivo a este Plan a creación da rede de 3.000 persoas técnicas responsables da orientación, configurándose así a rede ORIENTA 3.000.

O mesmo acordo previa que, finalizada a duración inicial do programa temporal, procederíase pola Conferencia Sectorial á avaliación dos seus resultados. Á vista do resultado da dita avaliación determinaríase a continuidade do programa ata o máximo legal permitido, a súa finalización definitiva ou ben a articulación, a través do instrumento de planificación de recursos humanos pertinente, da incorporación de persoal de forma estable por parte de cada Comunidade Autónoma.

Na LXXVIII Reunión da Conferencia Sectorial de Empleo e Asuntos Laborais, que tivo lugar o día 30 de setembro de 2020, presentouse polo SEPE o Informe Nacional de Evaluación de la red ORIENTA 3.000, que proporciona unha visión completa da súa implantación e funcionamento, e acordouse prorrogar a contratación dos orientadores desta Red3000 por un prazo de 18 meses adicionais. Tal como se poñía de manifesto no informe de avaliación presentado polo SEPE, "na situación actual, a rede ORIENTA 3.000 permitirá reforzar as estruturas dos Servizos Públicos de Empleo, sendo unha oportunidade para consolidar estas dotacións dunha forma permanente".

Posteriormente, o Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Empleo refírese a esta rede de orientación laboral no seu artigo 22:

"Los servicios públicos de empleo competentes podrán desarrollar las acciones de prospección empresarial e intermediación laboral mediante gestión directa con sus medios propios, para lo cual contarán con el refuerzo de la red de 3.000 personas técnicas responsables de la orientación y la prospección en el ámbito del Sistema Nacional de Empleo, creada con el Plan de Choque por el Empleo Joven 2019-2021, así como con cualquier otro refuerzo que pudiera establecerse en el citado ámbito".

Finalmente, o proxecto de Lei de Emprego aprobado polo Consello de Ministros o 21 de xuño de 2022, pendente de tramitación parlamentaria, contempla un catálogo de servizos garantidos para os demandantes de emprego, entre os que se atopan:

- a) Elaboración dun perfil individualizado de usuario que permita a avaliación da persoa demandante dos servizos de emprego



- b) Titorización individual, asesoramento continuado e atención personalizada, presencial e non presencial, durante as transicións laborais, ben entre a educación e o emprego ou entre as situacións de emprego e desemprego.
- c) Un itinerario ou plan personalizado adecuado ao seu perfil que esixirá a formalización dun acordo de actividade subscrito entre o servizo público de emprego e a persoa usuaria.

A Administración da Xunta de Galicia participou na Rede Orienta 3000 con 123 orientadores a través dun programa de carácter temporal para reforzar o servizo de orientación a determinados colectivos; o programa rematou no mes de novembro de 2021.

Finalizado o programa autonómico temporal e ante a necesidade de garantir a prestación dos servizos incluídos na carteira de servizos do Sistema Nacional de Empleo, no artigo 22 do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Empleo e no proxecto da lei de emprego estatal, esta consellería crea 136 postos permanentes que permitan o desenvolvemento axeitado das funcións encomendadas.

Dado que non só se precisa incrementar o número de efectivos que desempeñen as funcións de orientación senón tamén mellorar a súa cualificación, a Lei 7/2019, de 23 decembro, de medidas fiscais e administrativas, xa modificara a disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, creando dúas novas escalas de funcionarios da administración xeral: a Escala Superior de Orientación Laboral (subgrupo A1) e a Escala Técnica de Orientación Laboral (subgrupo A2) de Orientación Laboral.

Os 136 postos que se crean estarán servidos por 6 funcionarios da escala superior ou técnica adscritos aos servizos centrais e por 130 funcionarios da escala técnica adscritos ás oficinas de emprego dependentes das catro xefaturas territoriais.

Unha vez creados os postos poderase proceder á súa provisión definitiva mediante a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos; logo da súa provisión temporal, en tanto non se resolvan estes.

## CREACIÓN DE POSTOS

### SERVIZOS CENTRAIS

Créanse 6 postos das escalas Superior e Técnica de Orientación Laboral na Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación. A apertura á escala técnica foi solicitada por todas as organizacións sindicais que participaron na negociación.



As persoas funcionarias que os desempeñen terán a encomenda de analizar, propor e coordinar as tarefas de prospección e orientación laboral.

Os postos distribuiranse entre o Servizo de Orientación laboral e o Servizo de Intermediación, da Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia. Cada servizo contará cun posto do subgrupo A1/A2, nivel 25, encargado de coordinar a actividade diaria e representar a Emprego Galicia nos grupos de traballo relacionados coa orientación e prospección laboral, e dous postos do subgrupo A1/A2 nivel 22.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN

### Subdirección xeral do Servizo Público do Emprego de Galicia

#### Servizo de Orientación Laboral

#### **Coordinador/a de orientación laboral**

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo/Esc	Adscr	Form. Espec.
EM.601.00.001.15770.021	25	C	13.151,88 €	A1/A2	Escala Sup./Técnica Orientación Laboral	AXG	

#### **Técnico/a de emprego**

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo/Esc	Adscr	Form. Especific.
EM.601.00.001.15770.022	22	C	9.706,34 €	A1/A2	Escala Sup./Técnica Orientación Laboral	AXG	
EM.601.00.001.15770.024	22	C	9.706,34 €	A1/A2	Escala Sup./Técnica Orientación Laboral	AXG	



Servizo de Intermediación

**Coordinador/a de prospección laboral**

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgr.	Corpo/ Esc	Adscr	Form. Especif.
EM.601.00.001.15770.041	25	C	13.151,88 €	A1/A2	Escala Sup./Técnica Orientación Laboral	AXG	

**Técnico/a de emprego**

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrup.	Corpo/ Esc	Adscr	Form. Especif.
EM.601.00.001.15770.042	22	C	9.706,34 €	A1/A2	Escala Sup./Técnica Orientación Laboral	AXG	
EM.601.00.001.15770.044	22	C	9.706,34 €	A1/A2	Escala Sup./Técnica Orientación Laboral	AXG	

**ÓRGANOS TERRITORIAIS**

Créanse 130 postos de técnico/a de orientación e prospección Laboral reservados á Escala Técnica de Orientación Laboral, subgrupo A2, coas seguintes características:

**Técnico/a de orientación e prospección laboral**

Denominación	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrup.	Corpo/Esc	Adscr	Form. Especif.
Técnico/a de Orientación e prospección laboral	18	C	7.201,18 €	A2	Escala Técnica de Orientación Laboral	AXG	

Os 130 postos, codificados, figuran no anexo de creacións.

Os 130 postos repartiranse entre as oficinas de emprego adscritas ás catro xefaturas territoriais, atendendo ao número de persoas demandantes de emprego inscritas en cada unha delas e conforme aos seguintes criterios:





- Todas as oficinas, calquera que sexa o número de demandantes inscritos, deben contar polo menos cun técnico medio de orientación laboral.

- O número de postos de técnicos - consonte ao crédito dispoñible,- distribuíuse segundo a ratio orientativa de non superar as 2.000 persoas inscritas por técnico. Feita esta aproximación realizáronse algúns axustes atendendo aos medios persoais, espazo ou previsión de redistribución de demandantes con outras oficinas.

De conformidade cos criterios anteriores realizouse a seguinte distribución:

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

OE A Coruña-Monelos (14.058 demandantes): 5  
OE A Coruña-Centro (6.598 demandantes) : 5  
OE A Coruña-Tornos (9.005 demandantes): 5  
OE Betanzos (2.855 demandantes): 2  
OE Boiro (6.257 demandantes): 4  
OE Carballo (5.467 demandantes): 3  
OE Cee (3.596 demandantes): 2  
OE Ferrol-Centro (5.720 demandantes): 4  
OE Ferrol-Esteiro (7.104 demandantes): 4  
OE Melide (1.118 demandantes): 1  
OE Ordes (1.796 demandantes): 1  
OE As Pontes de García Rodríguez (1.763 demandantes): 1  
OE Santiago-Centro (5.929 demandantes): 4  
OE Santiago-Norte (8.074 demandantes): 5

Total Xefatura Territorial (79.340 demandantes): 46

#### XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

OE Lugo-Norte (4.361 demandantes): 3  
OE Lugo-Sur (3.817 demandantes) : 3  
OE Becerreá (472 demandantes): 1  
OE Burela (1.250 demandantes): 1  
OE Chantada (1.237 demandantes): 1  
OE Mondoñedo (482 demandantes): 1  
OE Monforte (2.265 demandantes): 2  
OE Ribadeo (1.654 demandantes): 1  
OE Sarria (1.396 demandantes): 1  
OE Vilalba (1.298 demandantes): 1  
OE Viveiro (1.533 demandantes): 1

Total Xefatura Territorial (19.765 demandantes): 16

#### XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE



OE Ourense-Centro (6.282 demandantes) : 4  
OE Ourense- A Ponte( 4.832 demandantes): 3  
OE O Barco (1.580 demandantes): 1  
OE Carballiño (2.038 demandantes): 2  
OE Celanova (1.640 demandantes): 1  
OE Xinzo (2.113 demandantes): 2  
OE Pobra de Trives (199 demandantes): 1  
OE Ribadavia (1.018 demandantes): 1  
OE Verín (2.317 demandantes): 2  
OE Viana do Bolo (270 demandantes): 1

Total Xefatura Territorial (22.289 demandantes): 18

#### XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA (VIGO)

OE Pontevedra-cidade (6.668 demandantes) : 4  
OE Pontevedra-Bisbarra (6.214 demandantes) : 4  
OE Baiona (3.680 demandantes): 2  
OE Caldas (1.620 demandantes) : 1  
OE Cambados (3.921 demandantes): 3  
OE Cangas (5.200 demandantes): 3  
OE A Cañiza (993 demandantes): 1  
OE A Estrada (1.864 demandantes): 1  
OE Lalín (2.156 demandantes): 2  
OE Porriño (3.580 demandantes): 2  
OE Ponteareas (4.141 demandantes): 3  
OE Redondela (3.154 demandantes): 2  
OE Tui (3.709 demandantes): 2  
OE Vigo-López Mora (6.394 demandantes): 4  
OE Vigo- Sanjurjo Badía (6.253 demandantes) : 4  
OE Vigo-Calvario (7.026 demandantes): 4  
OE Vigo-Coia (6.744 demandantes) : 4  
OE Vilagarcía (5.910 demandantes): 4

Total Xefatura Territorial (79.227 demandantes): 50

## II. XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

### II. 1. ADAPTACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO Á ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, APROBADA POLO DECRETO 123/2022, DO 23 DE XUÑO.

#### II.1.1. CREACIÓN DE POSTOS



## SERVIZOS CENTRAIS

Os postos que a seguir se relacionan figuran no decreto polo que se aproba a estrutura orgánica da consellería e contan con dotación nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Consta na memoria económica do Decreto 123/2022 que:

-A Subdirección Xeral de Emprendemento, o Servizo de Programas de Apoio ao Emprego e o Servizo de Fomento do Emprendemento financiouse cos créditos transferidos do IGAPE xunto coas competencias en materia de emprendemento.

-O posto de secretario/a do director/a xeral de Apoio ao Emprendemento foi dotado pola consellería competente en materia de Facenda en tanto que necesario para asistir ao/á novo/a director xeral.

-O Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos foi financiado con cargo aos créditos da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, tal e como se detalla no apartado II.1.3 Amortizacións

Denominación posto Código	Nivel	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr	Liña
Subdirección Xeral de Emprendemento EM.402.00.000.15770.020	30	55.027,44 €	208,22 €	16.570,70 €	71.806,36 €	11.04.322C	2108
Servizo de Programas de Apoio ao Emprego EM.402.00.000.15770.012	28A	47.258,14 €	178,82 €	14.231,09 €	61.668,05 €	11.04.322C	2109
Servizo de Fomento de emprendemento EM.402.00.000.15770.022	28A	47.258,14 €	178,82 €	14.231,09 €	61.668,05 €	11.04.322C	2109
Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos EM.601.00.000.15770.060	28A	47.258,14 €	178,82 €	14.231,09 €	61.668,05 €	11.05.322A	6255
Secretario/a de director/a xeral EM.402.00.000.15770.001	18	24.415,16 €	92,39 €	7.352,27 €	31.859,82 €	11.04.322C	5296

## II.1.2. MODIFICACIÓNS DE POSTOS

### SERVIZOS CENTRAIS E ÓRGANOS TERRITORIAIS

Ningunha das modificacións dos postos que se relacionan na memoria funcional leva consigo incremento do custo económico.



### II.1.3. AMORTIZACIÓN DE POSTOS

A) **Postos sen dotación orzamentaria.** Amortízanse os postos que a seguir se relacionan e que carecen de dotación nos orzamentos vixentes.

A1. Tal e como consta na memoria funcional, os créditos dos postos seguintes foron destinados a financiar a creación do Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos da Dirección Xeral Formación para o Emprego e Orientación polo artigo 49.5 do Decreto 123/2022.

#### SERVIZOS CENTRAIS

Denominación posto/código	Nivel/ Grupo	Sec/Serv/ progr.	Liña
<b>Posto base A1</b> EI.502.00.003.15770.101	20/ A1	11.05.322A	9757
<b>Posto base C2</b> EI.502.00.000.15770.033	12/ C2	11.05.322A	6296

A.2. Tal e como consta na memoria funcional, os créditos correspondentes aos seguintes postos foron destinados a financiar a estrutura orgánica creada polo Decreto 215/2020.

#### ÓRGANOS TERRITORIAIS

Denominación posto/código	Nivel/Grupo	Sec/Serv/ progr.	Liña
<b>Axudante de administración</b> EI.C99.20.901.27060.003	16/C1-C2	11.05.322A	4337
<b>Axudante de administración</b> EI.C99.20.901.32620.005	16/C1-C2	11.05.322A	4337
<b>Axudante de administración</b> EI.C99.20.901.32850.005	16/C1-C2	11.05.322A	4337

B) **Postos con dotación orzamentaria.** Amortízanse os postos que a seguir se relacionan con dotación nos orzamentos vixentes.

As súas dotacións substituirán os créditos computados para financiar a estrutura creada polo Decreto 215/2020, que procedían de postos ofertados no concurso F02019 e que foron adjudicados á súa resolución.



### Postos propostos para amortización adjudicados no concurso F02019

Denomin. Posto Código	Nivel/ Grupo	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/Serv/Progr.	Liña
Posto Base A1 EI.C99.10.000.15001.009	A1	31.195,24 €	118,04 €	9.393,98 €	40.707,26 €	11.01.321A	6184
Axudante de admón. EI.C99.20.901.36540.005	C1-C2	23.499,56 €	88,92 €	7.076,54 €	30.665,02 €	11.05.322A	4337
Axudante de admón. EI.C99.20.901.36590.010	C1-C2	23.499,56 €	88,92 €	7.076,54 €	30.665,02 €	10.05.322A	4337

### Postos que substitúen os postos adjudicados no concurso F02019

Código	Nivel/ Grupo	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/Serv/Progr.	Liña
Posto Base A1 EI.C99.20.901.15110.011	A1/20	31.195,24 €	118,04 €	9.393,98 €	40.707,26 €	11.05.322A	9757
Titulado/a superior de formación ocupacional EI.C99.10.000.36560.524	II-31	32.076,54 €	121,38 €	9.659,38 €	41.857,30 €	11.05.322A	6274
Auxiliar de formación ocupacional EI.C99.10.000.36560.552	IV-30	19.397,02 €	73,40 €	5.841,13 €	25.311,55 €	11.04.322C	0883

### Diferenza de dotacións postos propostos para amortizar e postos efectivamente amortizados

Total dotación postos propostos para amortización adjudicados no concurso:  
102.037,30 €

Total dotación postos que os substitúen: 107.876,11 €

Diferenza: 5.838,81 €

Dado que resta por determinar o posto que substituirá a xefatura de negociado adscrita ao Intituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral con código EI.O21.00.001.15770.005 adjudicado no concurso F0219 – cuxa dotación fora computada para financiar a estrutura creada polo Decreto 215/2020 - reservanse os 5.838,81 € para atender, de ser o caso, a diferenza entre o posto inicialmente proposto e o que o substitúa.



## II. 2. CREACIÓN POSTOS CON FUNCIONES DE ORIENTACIÓN LABORAL DESTINADOS A SER PROVISTOS POR PERSOAL DAS ESCALAS SUPERIOR E TÉCNICA DE ORIENTACIÓN LABORAL

### SERVIZOS CENTRAIS

#### DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ORIENTACIÓN

Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Coordinador/a de prospección laboral	A1/A2	25	2	78.462,20 €	296,90 €	23.627,73 €	102.383,83€	11.05.322A	5474
Técnico/a superior de emprego	A1/A2	22	4	136.286,16 €	515,71 €	41.040,56 €	177.842,43€	11.05.322A	5475
TOTAL			6	214.749,36 €	812,61 €	64.668,69 €	280.229,26 €	11.05.322A	

### ÓRGANOS TERRITORIAIS

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	46	1.278.329,88 €	4.837,20 €	384.950,12 €	1.668.117,20 €	11.05.322A	5476

#### XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	16	444.636,48 €	1.682,50 €	133.895,69 €	580.214,67 €	11.05.322A	5476

#### XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE



Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	18	500.216,04 €	1.892,82 €	150.632,66 €	652.714,52 €	11.05.322A	5476

### XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA (VIGO)

Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	50	1.389.489,00 €	5.257,83 €	418.424,05 €	1.813.170,88 €	11.05.322A	5476

### TOTAL XEFATURAS TERRITORIAIS

Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	130	3.612.671,40 €	13.670,35 €	1.087.902,52€	4.714.244,27 €	11.05.322A	5476

### TOTAL CUSTO POSTOS DE ORIENTADORES LABORAIS

Denomin. posto	Grupo	Nivel	Núm	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2022	Sec/ Serv/ Progr.	Liña
Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	136	3.827.419,76€	14.482,96€	1.152.570,81€	4.994.473,53 €	11.05.322A	

A creación dos 136 postos de traballo das escalas técnica e superior de orientación laboral financiarase durante o exercicio 2022 con cargo aos fondos finalistas do ámbito laboral distribuídos pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais na súa reunión de 6 de abril de 2022.

O financiamento efectuarase con cargo a crédito do capítulo I de acordo coa seguinte distribución:

Aplicación	Proxecto	Importe anual	Divisor	Multiplicador	Importe 4 meses
11.05.322A.120.00	Novo	105.680,52 €	12	4	35.226,84 €



11.05.322A.120.01	Novo	1.988.604,80 €	12	4	662.868,27 €
11.05.322A.121.00	Novo	731.851,92 €	12	4	243.950,64 €
11.05.322A.121.01	Novo	1.001.282,52 €	12	4	333.760,84 €
11.05.322A.121.08	Novo	14.482,96 €	12	4	4.827,65 €
11.05.322A.160.00	Novo	1.152.570,82 €	12	4	384.190,27 €
		4.994.473,54 €			1.664.824,51 €

Nos exercicios sucesivos as prazas creadas financiaranse cos fondos finalistas do Estado que anualmente sexan distribuídos pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais para dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do RD 818/2021, de 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego.

De acordo con todo o anteriormente exposto a modificación da RPT da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade non leva consigo incremento ningún no capítulo I do orzamento de gasto da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o exercicio 2022.

### III. MOTIVACIÓN DOS POSTOS DE XEFATURA DE SERVIZO QUE SE CLASIFICAN COMO DE LIBRE DESIGNACIÓN

Os postos de xefe/de servizo que figuran a continuación manteñen a actual forma de provisión polo sistema de libre designación. As modificacións que experimentan os postos non afectan á concorrencia do criterio que determinou a forma de provisión no momento da súa creación.

#### SERVIZOS CENTRAIS

#### DIRECCIÓN XERAL DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO

##### 1.Servizo de verificación de fondos

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo /Esc	Adscr	Form. Especific.
EM.402.00000.15770.030	28A	LD	17.849,30 €	A1-A2	XERAL	A11	640

Como se indica na xustificación funcional desta proposta no servizo se modifica o centro directivo de adscripción que pasa a ser a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego. A modificación afecta unicamente ao código de centro sen afectar as restantes características coas que o posto foi configurado na RPT.





Así, mantén como forma de provisión a LD. Esta xefatura de servizo ten como unha das súas funcións principais o seguimento e coordinación dos asuntos que se traten no Grupo Interconferencias Sectoriais de Preparación do Consello de Ministros da Unión Europea de Política Social, de Sanidade e de Consumidores, do cal forma parte a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade; así como o estudo e procura daqueles proxectos existentes en materia de cooperación territorial europea nos cales a consellería puidese participar. Trátase pois de funcións para as que se esixe un nivel de responsabilidade e confidencialidade superior ao ordinario, polo que depende directamente da persoa titular da dirección xeral.

Conforme o exposto, concorren o criterio de excepcionalidade previstos no artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e na Instrución 1.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 04.03.2022): Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN

### **2. Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo.**

Código	Nivel	Forma provisión	C. espec.	Subgrupo	Corpo/ Esc	Adscr	Form. Espec.
EM.601.00.000.15770.005	28A	LD	17.849,30 €	A1-A2	XERAL/ ESPECIAL	A11	640

Como se indica na xustificación funcional a modificación afecta unicamente á denominación do servizo sen alcanzar ás restantes características co que o posto foi configurado na modificación da RPT da consellería aprobada por Acordo do Concello da Xunta do 3 de agosto de 2021 (DOG núm. 158 do 18.08.2021), incluída a forma de provisión polo sistema de libre designación.

O artigo 59 do Decreto 123/2022, do 23 de xuño atribúe novas funcións ao servizo pero mantén a totalidade das encomendadas no artigo 55 do Decreto 215/2020, na redacción dada polo Decreto 111/2021.

Manténdose as funcións e a dependencia directa da persoa titular da dirección xeral mantense tamén a validez da xustificación da provisión polo sistema de libre designación con base na Instrución 1.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 04.03.2022): Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.



Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O secretario xeral técnico

José Ramón Pardo Cabarcos

